

A nosa cinza

Este artículo fue publicado en *La Voz de Galicia* el 29 de octubre de 2016

Abstract

What must the human being do with the mortal remains of his loved ones? A recent publication of the Congregation for the Doctrine of the Faith offers guidelines on the subject.

Key Words: Ad resurgendum cum Christo, eschatology, death, resurrection.

O que o cristianismo sostén sobre a vida é extraordinario. No cerne máis íntimo de todo ser atópase o alento vivificante do amor de Deus, coma verdadeiro zume inmaterial que nutre ás criaturas facéndolles ser quen son.

Pero o que di sobre a morte é moito maior porque desmitifica completamente o seu carácter definitivo. O amor de Deus deunos, na creación, unha vida sen fin. Unha vida inmortal. Unha vida eterna. En chegado o tempo a crisálide convértese en bolboreta. En chegándonos a nós a hora derradeira experimentaremos a nosa particular metamorfose. Cada un a súa, pero todos a mesma.

A morte ten, á luz da resurrección de Cristo, un senso extraordinariamente positivo, porque non é nin final definitivo, nin reiteración da vida terrea, nin disolución no universo coma unha gota no mar. A morte para o cristianismo é un novo nacemento a unha forma de vida absolutamente transformada, pero en continuidade coa nosa histórica identidade biográfica. Na eternidade seremos nós mesmos, pero non o mesmo.

Velaí os nosos defuntos: avós, pais, irmáns... O cristianismo sostén verbo deles algo marabilloso. Posto que foron concibidos no alento creador do amor de Deus foron tamén renacidos pola súa agarimosa ollada omnipotente. Coma o zume durmido no inverno fai xermolar os froitos na primavera, así o inmaterial zume da vida eterna vivifica invisiblemente ao defunto nas eiras

benaventuradas. Pasaron os nosos a través da morte coma quen percorre un camiño incerto e escuro que, porén, remata na infinidade dun Deus que é vida vizosa, luz incandescente, descanso sen fin.

Enterrar aos nosos defuntos en sepulturas ou nichos segue a parecer o máis acaído. Incinalos tamén está ben. ¿Que facer, porén, coa nosa cinza? Respecto e sentidiño.

Os restos mortais, mellor que nas casas, están nos cemiterios. Eses espazos de soidade, silencio e paz dos que tan faltos estamos nas nosas urbes. Con todo creo que debe imperar o respecto e o sentido común. Hai cemiterios noxentos. Hai casas con espazos pulcros de paz. O mesmo sucede co destino final das cinzas. Teñamos sentido e respecto. Coñezo xente que espallou no aire, na terra ou na auga as cinzas dun familiar, con todo amor e cariño, e sen dar ningún tipo de cabida a panteísmos, naturalismos ou nihilismos. ¿Non cabe unha expresión cristiá dese espallamento que convirte en po da terra o que xa o era segundo a coñecida expresión litúrxica do mércores de cinza?

O problema non parece estar nas cinzas, ou no que se faga con elas, senón nas ideas sobre a morte e a resurrección e se impera ou non o debido respecto aos defuntos. Agora ben: salvado isto ¿onde está o problema? Máis que dunha «imperativa» instrución *Ad resurgendum cum Christo* todos parecemos máis necesitados dunha iluminadora actualización teolóxica que nos recorde, con ledicia, misericordia e esperanza, o que o cristianismo lle ten que dicir ao ser humano de todos os tempos: que somos creados para ser transformados, coma vermes en crisálidas, pero sabendo que o noso destino definitivo é o voo eterno das bolboretas. A morte é metamorfose, e cos restos mortais, o dito: respecto e sentidiño.

Pedro Castelao
Universidad Pontificia Comillas
castelao@comillas.edu